

O RÍO

Jean Renoir, 1951

1493

ESTREA EN NUMAX: 08.04.2025 | V.O.S.E. | 91 min

Historia dunha moza pertencente a unha familia inglesa que vive na India na época da posguerra. Alí coñece por vez primeira vez o amor, a perda e todas as emocións propias da adolescencia.

«Abrangue todo o ciclo da vida e está contada cunha sabedoría estoica e unha simplicidade que son tan fermosas con conmovedoras»

Wally Hammond, TIME OUT



Unha parte do mundo

Por Jacques Rivette

Todo gran filme é a narración dunha experiencia, o que equivale a dicir que vai do particular ao xeral; lonxe de reducir as contradicións a un conflito específico, no que se enguedellen aos poucos, non descoida os destinos persoais até levalos aos intrínsecos culminantes de crise: o rostro novo, desde a súa aparición, abre tamén os ollos ante un mundo novo.

A viaxe á India reemprazou a tradicional viaxe a Grecia. Pero non é para contemplar unha paisaxe exótica para o que se embarcan nesta aventura un Renoir ou un Rossellini, senón que van máis ben cara ao berce de todas as civilizacións indoeuropeas: piden da India que lles volva a dar a nota fundamental que, segundo parece, ficou diluída por aquí nun concerto máis discordante.

Xunto con *Vaggio in Italia* (Roberto Rossellini, 1954) e co que puido ser quizais *Que viva México!* (1932), de Eisenstein, *O río* é o único exemplo dun filme que se reflicte rigorosamente sobre si mesmo, no que a idea narrativa, a descrición sociolóxica e os temas metafísicos non se conforman con corresponderse, senón que son en todo momento intercambiáveis. “Somos unha parte do mundo”; tres barcas, tres mozas, encontran simultaneamente o núcleo no que todas as contradicións rematan, no que a morte e o nacemento, a entrega e o rexeitamento, a propiedade e a miseria teñen o mesmo valor e o mesmo sentido; no que quen queira esquecer encontra, quen cede triunfa. A aventura de Harriet é tamén a narración dunha morte que é ao mesmo tempo un nacemento, iso é, da metamorfose dun avatar; así o leñador convértese en deus, Kirshna convértese en leñador. Este filme, máis rico en metáforas, non ten máis argumento que a metáfora mesma, ou o coñecemento absoluto.

Publicado en “Jean Renoir” (André Bazin, Artiach, 1971)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Jean Renoir,
Àngel Quintana.
Cátedra, 1998